

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL

10154 *Real decreto 831/2010, do 25 de xuño, de garantía da calidade asistencial da prestación á interrupción voluntaria do embarazo.*

A Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, prevé expresamente en distintos puntos do seu articulado a necesidade dun desenvolvemento regulamentario das súas disposicións.

Neste sentido, este real decreto regula cuestións específicas, en cumprimento dos correspondentes mandatos legais, establecendo un desenvolvemento parcial da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, que se entende sen prexuízo dos posteriores desenvolvementos desta que se produzan ao abeiro da habilitación xenérica contida na súa disposición derradeira cuarta.

A opción por un desenvolvemento regulamentario destes aspectos, en consonancia coa reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional relativa á noción formal de bases que permite, excepcionalmente, o establecemento de bases mediante norma regulamentaria, busca garantir unha aplicación efectiva e uniforme da norma en todo o territorio do Estado.

Este real decreto é complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido na lei orgánica, e para garantir a consecución da súa finalidade obxectiva, ao desenvolver os requisitos que garanten o acceso, en condicións de igualdade en todo o territorio nacional, á prestación da interrupción voluntaria do embarazo.

Un dos principios xerais sobre os que se asenta a política de saúde no Sistema Nacional de Saúde, tal e como se recolle na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, é o relativo á superación dos desequilibrios territoriais e sociais, xunto aos de coordinación de actuacións, eficacia, celeridade e flexibilidade na organización e funcionamento dos servizos sanitarios, administrativos, económicos e doutro tipo que sexan precisos para o funcionamento do Sistema Nacional de Saúde.

Pola súa parte, a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, vén reforzar o funcionamento cohesionado deste, establecendo accións de coordinación e cooperación para asegurar aos cidadáns o dereito á protección da saúde, co obxectivo de garantir a equidade, a calidade e a participación no Sistema Nacional de Saúde. Equidade, na liña de desenvolvemento do principio constitucional de igualdade que garanta o acceso ás prestacións; calidade, que oriente os esforzos do sistema cara á anticipación dos problemas de saúde ou cara a solucións eficaces cando estes aparecen; e participación cidadá, tanto no respecto á autonomía das súas decisións individuais como na consideración das súas expectativas como colectivo de usuarios do sistema sanitario.

Agora, con este real decreto perséguese asegurar a igualdade e calidade asistencial da prestación da interrupción voluntaria do embarazo, de maneira que se garanta a todas as mulleres por igual o acceso á prestación, con independencia do lugar onde residan, de acordo co previsto no artigo 19 da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

A regulación contida neste real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Política Social, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xuño de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer un marco básico que asegure a igualdade e calidade asistencial da prestación sanitaria da interrupción voluntaria do embarazo e garanta a todas as mulleres por igual o acceso á prestación, con independencia do lugar onde residan.

Artigo 2. *Competencias de xestión e organización dos servizos.*

Os servizos públicos de saúde, no ámbito das competencias que lles son propias, organizarán os seus servizos de tal maneira que se garanta a prestación sanitaria da interrupción voluntaria do embarazo naqueles supostos e cos requisitos necesarios que prevé a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo.

En todo caso, os servizos públicos de saúde velarán pola dispoñibilidade dos recursos necesarios, incluídas as técnicas diagnósticas urxentes para posibilitar a práctica da interrupción voluntaria do embarazo nos supostos e condicións legalmente establecidos.

Artigo 3. *Garantías básicas da prestación de interrupción voluntaria do embarazo polo Sistema Nacional de Saúde.*

1. A prestación sanitaria da interrupción voluntaria do embarazo, incluída na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, realizarase en centros da rede sanitaria pública ou vinculados a esta baixo algunha das formas previstas na lexislación sanitaria, calquera que sexa o réxime xurídico mediante o cal se articule esta vinculación.

2. Se, excepcionalmente, o servizo público de saúde onde a muller embarazada solicitou a asistencia non puiden facilitar en tempo a prestación, o citado servizo público de saúde recoñeceralle á solicitante o dereito a acudir a calquera centro acreditado no territorio nacional, co compromiso escrito de asumir directamente o aboamento da prestación. O recoñecemento do citado dereito e o compromiso de asumir o aboamento da prestación consideraranse realizados tacitamente se, transcorrido un prazo de dez días naturais desde a solicitude da prestación, a muller solicitante non recibiu do correspondente servizo público de saúde indicación do centro sanitario onde se realizará a prestación.

3. Cando o servizo público de saúde opte por facilitar a prestación da interrupción voluntaria do embarazo con medios alleos, estes centros deberán estar acreditados para a práctica da interrupción voluntaria do embarazo.

Artigo 4. *Acreditación dos centros sanitarios para a práctica da interrupción voluntaria do embarazo.*

1. Os centros ou establecementos públicos que cumpran co establecido pola Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, e cos requisitos mínimos comúns recollidos no anexo deste real decreto quedarán acreditados automaticamente para a práctica da interrupción voluntaria do embarazo.

2. De conformidade coas competencias que corresponden ás comunidades autónomas, a autoridade sanitaria responsable acreditará cada un dos centros ou establecementos sanitarios privados que, cumprindo co establecido na Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, e cos requisitos mínimos comúns recollidos no anexo deste real decreto, o soliciten.

3. As autoridades sanitarias publicarán e manterán actualizadas as relacións dos centros acreditados para a práctica da interrupción voluntaria do embarazo.

Artigo 5. *Inspección e control dos centros sanitarios acreditados.*

1. Todos os centros acreditados se someterán á inspección e control das administracións sanitarias competentes, en aplicación do disposto nos artigos 30 e 31 da Lei 14/1986, do 25 de abril, e da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo.

2. A acreditación quedará condicionada ao mantemento dos requisitos expresados no artigo anterior e ao efectivo cumprimento das condicións necesarias de calidade asistencial da prestación.

Artigo 6. Tratamento de datos e protección da intimidade e confidencialidade.

1. Os centros ou establecementos públicos ou privados acreditados conservarán a historia clínica e os ditames, informes e documentos que sexan precisos para a práctica da interrupción voluntaria do embarazo, así como o consentimento expreso da muller embarazada.

2. Os centros que presten a interrupción voluntaria do embarazo garantirán a intimidade das mulleres e a confidencialidade do tratamento dos seus datos de carácter persoal, conforme o previsto na Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo.

Artigo 7. Emisión de ditames preceptivos.

Nos supostos en que a interrupción voluntaria do embarazo sexa practicada pola concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 15 da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, os ditames emitidos con carácter previo por especialistas distintos daquel que practique ou dirixa a intervención deberán ir acompañados das probas diagnósticas que, en cada caso, fundamenten o ditame.

Disposición adicional primeira. Información de centros acreditados.

As comunidades autónomas informarán o Ministerio de Sanidade e Política Social dos centros que se acrediten conforme o previsto no artigo 4 deste real decreto.

Disposición adicional segunda. Avaliación de custos.

En cumprimento do disposto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto, o Goberno elaborará un informe sobre o custo económico dos servizos e prestacións públicas reguladas na dita lei orgánica, e adoptará, se é o caso, as medidas necesarias de conformidade co disposto na Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

Disposición transitoria única. Prazo de adaptación e nova acreditación.

Os centros ou establecementos sanitarios privados que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, estean acreditados para a prestación da interrupción voluntaria do embarazo deberanse adecuar, no prazo de catro meses desde a súa entrada en vigor, ás condicións establecidas nesta norma e solicitar unha nova acreditación á autoridade sanitaria competente, que deberá resolver de acordo co previsto no artigo 42 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os centros ou establecementos sanitarios privados que solicitasen a nova acreditación prevista no parágrafo anterior, poderán seguir realizando as actividades para as cales foron acreditados, conforme as normas vixentes antes da entrada en vigor deste real decreto, ata que a autoridade sanitaria competente resolva a solicitude de nova acreditación.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 2409/1986, do 21 de novembro, sobre centros sanitarios acreditados e ditames preceptivos para a práctica legal da interrupción voluntaria do embarazo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter básico.*

As normas contidas neste real decreto teñen carácter básico e dítanse ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Habíltase a ministra de Sanidade e Política Social para ditar cantas disposicións requiran a definición e aplicación do establecido neste real decreto, sen prexuízo das competencias de desenvolvemento e execución que teñen as comunidades autónomas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 5 de xullo de 2010.

Dado en Madrid o 25 de xuño de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Política Social,
TRINIDAD JIMÉNEZ GARCÍA-HERRERA

ANEXO

I. Para os efectos do disposto no artigo 4 poderán ser acreditados para a realización de interrupcións voluntarias do embarazo que non impliquen alto risco para a muller embarazada e non superen as catorce semanas de xestación, os centros ou establecementos que cumpran os seguintes requisitos:

a) En relación coas instalacións e equipamento:

O lugar onde estea situado reunirá as condicións de habitabilidade e hixiene requiridas para calquera centro sanitario, que permitan garantir a confidencialidade e seguridade da muller.

O centro ou establecemento sanitario disporá, como mínimo, dun espazo físico que inclúa:

- 1.º Un espazo de recepción e sala de espera.
- 2.º Unha sala para información á muller embarazada.
- 3.º Espazo para a exploración física e ecográfica.
- 4.º Zona de lavado cirúrxico.
- 5.º Unha sala adecuada para a realización da práctica da interrupción voluntaria do embarazo.
- 6.º Unha sala para o descanso e recuperación tras aquela.

Contarase, cando menos, cos seguintes aparellos básicos, ademais dos propios dunha consulta de medicina de base:

- 1.º Equipamento e material necesario para realizar exploracións xinecolóxicas.
- 2.º Equipamento e material necesario para realizar a práctica da interrupción voluntaria do embarazo.
- 3.º Ecógrafo.
- 4.º Equipamento de monitorización cardíaca.
- 5.º Sistema adecuado de asistencia respiratoria.
- 6.º Desfibrilador e material de reanimación cardiopulmonar.
- 7.º Sistemas que permitan a administración de oxíxeno (fixos ou móbiles).
- 8.º Sistema de mantemento eléctrico.

b) En relación ao marco básico da prestación:

- 1.º Consulta de toco-xinecolóxica.
- 2.º Estudo e valoración polo facultativo especialista que corresponda, para efectos de ditaminar a pertinencia da interrupción de acordo cos supostos establecidos na Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, en función da acreditación que se solicite.
- 3.º Consulta propia ou externa de especialista, cando estea indicada pola sospeita ou existencia de patoloxías concomitantes que puidesen influír na práctica da interrupción do embarazo.
- 4.º Prestacións correspondentes de anestesia e reanimación.
- 5.º Servizo de análises clínicas básicas propio ou externo para a realización de Rh e estudo de coagulación se procede. Tamén contarán con depósitos de plasma ou expansores de plasma.
- 6.º Probas ecográficas pre e postinterrupción voluntaria do embarazo.
- 7.º Técnica de interrupción voluntaria do embarazo adecuada a cada situación.
- 8.º Monitorización cardíaca sistemática.
- 9.º Medicación indicada, segundo a especificidade de cada caso, incluíndo gammaglobulina anti-Rh se procede.
- 10.º Recuperación postintervención en salas acondicionadas para estes efectos, durante o tempo preciso e os controis necesarios.
- 11.º Seguimento postintervención de posibles incidencias ata a súa alta definitiva.

12.º Centro hospitalario de referencia para derivación daqueles casos que o requiran.

II. Para a realización de interrupcións voluntarias do embarazo con alto risco para a embarazada ou con máis de catorce semanas de xestación poderán ser acreditados os centros ou establecementos sanitarios que, ademais dos requisitos expresados no número anterior, contén cando menos cos seguintes requirimentos:

a) En relación coas instalacións e equipamento:

1.º Equipamento necesario para a práctica da interrupción voluntaria do embarazo baixo calquera modalidade de anestesia.

2.º Electrocardiógrafo.

3.º Equipamento de intubación.

b) En relación co marco básico da prestación:

1.º Unidade de obstetricia e xinecoloxía.

2.º Banco ou depósito de sangue correspondente.

3.º Unidades de enfermaría e hospitalización correspondentes.